

Buciños, o escultor coa sabedoría do labrego, fillo adoptivo de Ourense

OURENSE / LA VOZ

A Manuel García Vázquez (Buciños, Carballo, 1938) chamouno a madeira dende cativo. Enleouse no obradoiro familiar e botouse a armar xoguetes e outros trebellos cos anacos que ían quedando por alí. Aos 10 anos foi estudar a Ourense —tivo como profesor de debuxo ao recoñecido Xesta— e grazas a unha axuda da Deputación de Ourense marchou a Madrid para licenciarse en Belas Artes. Moitos anos despois, un artista chamado Buciños —Eduardo Blanco Amor convenceno para que escollese o topónimo da súa vila como nome ar-

tístico— accedeu ao salón de plenos da mesma institución que o apoiou na súa formación para recibir o título de Fillo Adoptivo da provincia de Ourense. O director do Arquivo Histórico Provincial, Pablo Sánchez Ferro, fixo a *laudatio* do creador tomando como símbolo unha voluta de madeira para facer un percorrido por unha traxectoria por onde camiñaron persoeiros como Vicente Risco —que definiu como *Os artistas* o grupo de mozos novos que se xuntaban con el na taberna do Tucho, bautizada logo como O Volter—, Carlos Casares, a amizade e admiración recoñe-

cida por Ramón Otero Pedrayo, Blanco Amor e moitos outros. Foi Casares quen, á volta de Buciños á cidade logo da etapa madrileña, definiu o escultor como «un rapaz delgado, de nariz contundente e ollos grandes, e que actuaba coa sinxeleza e sabedoría dun labrego».

Coa emoción protagonizando a súa intervención, Buciños referiuse á entrega do nomeamento de Fillo Adoptivo da provincia de Ourense: «É un honor grandísimo que non vou esquecer na vida». Cualificou de «momento moi especial» o vivído e tivo palabras de agradecemento para os



Baltar entregou o título ao escultor Buciños. MIGUEL VILLAR

seus amigos, para os compañeiros do barrio da Ponte, recoñeceu a mágoa da ausencia das súas netas —«non puideron vir porque están no cole»— e tivo unha especial lembranza para «o amigo da alma Carlos Martínez».

O presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar, ci-

tou a José Martí para sinalar que «honrar honra» e afirmou que os verdadeiros honrados «son as mulleres e os homes ourensáns de todas as xeracións, e tamén do futuro, que poden gozar da súa obra». No acto participou tamén o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez.